

Denominación.

I Concurso de Curtas co móbil na Rede CeMIT

Entidades organizadoras.

Xunta de Galicia
Aula CeMIT de Abegondo
Aula CeMIT de Vimianzo

Bases do concurso.

1. Obxectivo do concurso.

- Fomentar o traballo en equipo entre o alumnado dos centros participantes, así coma o uso da Lingua Galega nas TICs.
- Explorar e dar a coñecer a creatividade audiovisual presente na poboación estudiantil.
- Utilizar as aulas CeMIT como un espazo para a creación e para a comunicación.

2. Características dos participantes.

1. A participación no Concurso é gratuíta e dirixese a persoas matriculadas na ESO ou Bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha idade comprendida entre 14 e 20 anos (ambas as dúas inclusive), e que dispoñan dunha aula CeMIT no seu municipio ou arredores.
2. Neste concurso poderase participar tanto individualmente como por grupos dun máximo de 5 persoas. Este punto ten como finalidade fomentar o traballo en equipo.
3. Cada centro educativo inscribirá ao número de grupos ou persoas participantes que considere adecuado, coa única limitación dunha única curta por equipo-grupo
4. Cada equipo designará un titor que forme parte do persoal docente do centro educativo. A súa tarefa será velar polo cumprimento das normas do concurso e interrelacionarse coa aula CeMIT correspondente para a inscrición e a entrega das curtas para o concurso.
5. Non poderán participar menores de 14 anos, persoal empregado das entidades organizadoras e colaboradoras nin os seus familiares directos; tampouco se poderá presentar o persoal empregado nin os familiares directos de calquera empresa que participe baixo contrato na promoción ou na xestión técnica do concurso.

3. Inscricións.

Os centros educativos interesados en participar, realizarán a súa inscrición gratuíta a través dun formulario que será remitido, xunto coas bases do concurso, autorizacións necesarias en canto a protección de datos obrigatorias para todos os menores de idade e o listado de aulas colaboradoras, pola Oficina CeMIT. Dita información tamén estará dispoñible na páxina oficial do concurso facebooklimitxunta.

Este formulario deberá ser validado e asinado polo/a titor/a responsable, quen o fará chegar a aula CeMIT máis próxima dentro do prazo de inscrición.

O prazo de inscrición está aberto dende o **15 de novembro de 2011** ata o **29 de febreiro de 2012** (que coincidirá con prazo de entrega da curta).

En calquera momento, dentro do prazo de inscrición, o/a responsable da actividade do centro poderá engadir novos participantes.

4. Características xerais das micromovies.

1. A micromovie non poderá superar os 2 minutos de duración e utilizarase como lingua vehicular o galego.
2. A temática versará sobre as funcionalidades que ofrece a rede de aulas CeMIT como referente no acceso e na formación no uso das novas tecnoloxías así como das vantaxes das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e o seu impacto na vida cotiá das persoas.
3. A súa realización será exclusivamente mediante a cámara do teléfono móbil podendo logo, si se desexa, editarse con ferramentas externas.
4. As micromovies deben ser orixinais, incluídos os títulos de crédito se os houberse, e gravados na máxima resolución e calidade posibles.
5. O formato das obras pode ser 3GP, 3GPP, MP4, MPG, SMV, FLV, SWF, AVI, MOV.
6. Cada participante individual ou grupo soamente poderá presentar unha única curta, non admitíndose micromovies derivadas doutra micromovie presentada. Ademais será obrigatorio que estas sexan producidas dentro do prazo de validez deste concurso.
7. O xurado / organización resérvase o dereito de non admitir aquelas obras que inciten ao racismo, á xenofobia, á violencia de xénero, á homofobia ou que consideren inadecuadas/incompatibles cos obxectivos do concurso.
8. As micromovies non deberán facer publicidade nin promover o uso de ningún produto ou servizo de natureza comercial.
9. Os concursantes responsabilízanse de que non existan dereitos a terceiros polo uso de pezas musicais nas obras presentadas, nin reclamación algunha polos dereitos de imaxe das persoas que aparezan nelas, eximindo á organización de calquera tipo de responsabilidade. De todos xeitos, a organización recomenda utilizar temas musicais libres de dereitos de autor.
10. As micromovies enviadas pasan a formar parte do arquivo deste concurso e os autores e autoras ceden gratuitamente os dereitos das obras para facer uso delas para ser exhibidas ou duplicadas sen fins comerciais co fin de promocionar o concurso.
11. Calquera apropiación indebida de dereitos de autor na *micromovie* é responsabilidade da persoa que a inscribiu.
12. Na grabación da curta respetaranse as normas que o centro educativo teña sobre o uso do móbil.
13. Poderanse facer grabacións na aula CeMIT informando os seus usuarios do destino das imaxes.

No caso de que unha obra estivese codirixida, para os efectos deste concurso a obra considérase presentada pola persoa rexistrada na inscrición; no caso de que a obra resultase premiada, o premio concederáselle á persoa rexistrada se esta é a responsable da dirección da obra.

No caso de que se presentase a mesma micromovie, pero se rexistrase por distintas persoas, para os efectos deste concurso considerárase a obra presentada pola primeira persoa que realizou a súa inscrición, segundo o indiquen os ficheiros de incidencias correspondentes no servidor.

5. Prazo de entrega das curtas para concurso.

Para a súa publicación en internet, a curtas seleccionadas por cada centro educativo participante deberán ser entregadas na aula CeMIT mais próxima, ben persoalmente polo titor/a ou ben poñéndose en contacto coa aula CeMIT onde estea inscrito.

As curtas entregaranse nun soporte adecuado que permita remitilas á oficina CeMIT, quen se encargará de validalas e subilas á rede.

O/A responsable da aula CeMIT encargarse de recoller as curtas de cada centro participante dentro do prazo establecido, que será dende que se efectúe a inscrición ata o **remate de prazo o día 29/02/2012**, e remitir toda a documentación á Oficina CeMIT (rúa Hórreo 61-2º - Santiago de Compostela)

6. Votacións

As votacións realizaranse a través do facebook, mediante o sistema de "Me gusta". É dicir, poderán votar todas as persoas que estean rexistradas nesta plataforma e que accedan á páxina facebook/imitxunta

Datas para votar:

- Fase provincial: dende 07/03/2012 ata o 08/04/2012
- Fase autonómica: dende o 18/04/2012 ata o 20/05/2012. As votacións faranse unicamente sobre as 4 curtas mellor valoradas a nivel provincial.

Un xurado formado por persoal especializado seleccionará aos finalistas provinciais e gañadores autonómicos entre as curtametraxes mais votadas.

7. Premios.

A nivel provincial:

- O **Centro educativo gañador** será obsequiado cunha cámara dixital compacta_Casio EXILIM ZOOM EX-Z16 - 12.1 Mpix - zoom óptico: 3 x - memoria soportada: SD, SDHC
- O **equipo gañador** a nivel provincial recibirá ata un máximo de 5 Ipod Nano 8GB, que poderán ser distribuídos a criterio do seu titor no caso de que o grupo estea formado por un número superior de integrantes

A nivel autonómico:

- Entregaranse os seguintes premios aos **Centros educativos gañadores**:
 - **1º premio**: un Netbook Acer Aspire One D255-2DQKK
 - **2º premio**: una videocámara Toshiba Camileo SX900.

8. Entrega de premios.

A entrega dos premios terá lugar durante o mes de xuño de 2012 nun espazo a determinar pola organización do concurso con antelación suficiente.

9. Acatamento e interpretación das bases.

A organización reservase o dereito de anular este concurso se non se supera un mínimo de 10 participantes. Ante posibles dúbidas na súa interpretación, prevalecerá o criterio da organización. A participación neste concurso implica a plena aceptación destas bases.

10. Protección de datos persoais.

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslos de que os datos facilitados para a inscrición no I Concurso de Curtas co móbil na Rede CeMIT serán incorporados no ficheiro "Actividades dirixidas á cidadanía", responsabilidade da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, rexistrado na Axencia Española de Protección de Datos, coa finalidade de xestionar todas as actividades dirixidas á cidadanía tales como programas de lecer, actividades de voluntariado, desenvolvemento de actividades culturais, programas formativos, ou calquera outro proxecto de similares características. En concreto, os seus datos serán incorporados coa finalidade de xestionar e controlar a participación no devandito concurso, procedéndose á cancelación dos seus datos unha vez que se complete o concurso. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, poderán exercitarse mediante escrito dirixido á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, edificio administrativo de San Caetano, 15781 Santiago de Compostela, achegando copia do seu DNI ou, de ser o caso, acreditando representación suficiente no nome do interesado.

Así mesmo os participantes no concurso declaran que ostentan todos os permisos e/ou autorizacións que sobre os dereitos de propiedade intelectual e imaxe que puideran corresponder, e que obtiveron o consentimento expreso de todas as persoas que aparezan no vídeo para o uso da súa imaxe nos vídeos no marco desta acción, así como para a súa publicación no "Sitio Web", declarando que a súa reprodución non lesiona nin prexudica a terceiros, asumindo persoalmente calquera responsabilidade que desta puidese derivarse, exonerando expresamente á Xunta de Galicia de calquera responsabilidade ao respecto. En especial, para o caso de menores de idade, os participantes garanten que obtiveron o consentimento expreso dos pais/nais/titores de ditos menores para os usos da súa imaxe nos vídeos no marco desta acción, así como para a súa publicación no "Sitio Web", declarando que a súa reprodución non lesiona nin prexudica a terceiros, asumindo persoalmente calquera responsabilidade que desta puidese derivarse, exonerando expresamente á Xunta de Galicia de calquera responsabilidade ao respecto.